

Guía de lectura



#M8MEPRESTA



Os mellores da lingua 2016

Os mellores de... é un espazo da Biblioteca Ágora no que desenvolvemos diferentes mostras temáticas, con vontade de resaltar contidos que consideramos de interese.

Coincidindo coa chegada de maio, mes das letras galegas, o tema central vai ser a escrita en galego. A nosa literatura. O cerne dunha biblioteca galega está aí, no coñecemento e difusión do que somos, do propio, en diálogo enriquecedor co alleo, co que nos chega de fóra. Somos, como dicían os homes da Xeración Nós, unha “célula de universalidade” e a nosa literatura ten, por iso, moito que ofrecer.

A nosa mostra constrúese en base a criterios de calidade e diversidade. Non todo o noso é bo por ser noso, nin todo o alleo bo por ser alleo. Hai que seleccionar, agrupar, xogar cos marcos e coas lindes, movelos se é preciso. E iso tentamos.

*Biblioteca Ágora
Os mellores da lingua*



Manuel María

Comezamos por destacar a figura de Manuel María, poeta ao que este ano está dedicado o Día das Letras Galegas

Manuel María Fernández Teixeira naceu en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929. A súa carreira literaria comeza en Lugo, cidade á que se trasladou para estudar Bacharelato. En 1950 publica [Muiñeiro de brétemas](#), o primeiro libro escrito en galego trala guerra civil, co cal se inaugura unha nova corrente poética, "[A Escola da Tebra](#)". Nela participaron autores da súa xeración (Novoneyra, Xohana Torres, Bernardino Graña...) que se posicionaron firmemente contra o franquismo.

En 1958 instálase en Monforte como Procurador dos Tribunais e ao ano seguinte casa con Saleta Goi, coa que compatirá grande parte da súa actividade cultural, e na que se inspira para escribir moitos poemas de amor. Nos anos sesenta e setenta, Manuel María participa activamente na loita pola defensa da lingua e cultura galegas, e comprométese na reorganización política dos partidos nacionalistas, chegando a ser elixido concelleiro en 1979.

A súa obra literaria diversifícase: cultiva o ensaio, narrativa, ([Contos en cuarto crecente...](#)) teatro... ([Unha vez foi o trebón...](#)) ou mesmo literatura infantil ([As rúas do vento ceibe](#), [O bigote de Mimí](#), [Os soños na gaiola...](#)) sen abandonar a poesía. Do existencialismo e pesimismo inicial evolúe cara a unha poesía de compromiso social, cunha temática moi variada: intimismo, paisaxismo, socialrealismo crítico ou satírico, preocupación relixiosa, reivindicación lingüística...

A partir de 1985 abandona a militancia política e adícase plenamente á actividade literaria. Dende a súa xubilación, reside na Coruña, na que falece o 8 de setembro de 2004.



Clásicos imprescindibles

Clásicos porque non perden vixencia nin actualidade. Porque lelos hoxe axúdanos a comprender o mundo, Galiza e as nosas propias vidas. Poderíamos engadir outras voces, como as de Castelao ou Curros, mais destacamos estas obras e autores:

Título : *Os camiños da vida*

Autor: *Ramón Otero Pedrayo*

Unha das pezas máis significativas da narrativa de Otero Pedrayo, publicada en 1928. A través da historia de dúas familias fidalgas que representan o pasado e futuro do país, o autor describe a profunda transformación da sociedade rural de Galicia no século XIX

Autor: *Vicente Risco*

Título : *O porco de pé*

Un comerciante maragato chamado Celidonio ascende na escala social ata chegar a alcalde da vila de Oria. Á súa ignorancia, opónselle a personalidade do doutor Alveiros. Unha sátira da sociedade burguesa e da hipocrisía dos políticos, publicada en 1928

Autor : *Álvaro Cunqueiro*

Título : *Merlín e familia*

A historia dun Merlín vello refuxiado nas terras da Miranda luguesa chega ó lector a través do relato de Felipe de Amancia, que lembra os tempos nos que traballou para él como criado. Fascinantes historias nas que convive o mito co mundo cotián. A primeira edición é de 1955

Título : *A esmorga*

Autor : *Eduardo Blanco Amor*

*Cibrán, O Castizo, contalle ao xuíz os sucesos acontecidos nas vinte e catro horas nas que andivo de parranda na cidade de Auria xunto ao Bocas e ao Milhomes. A obra, escrita dende o exilio en 1959, describe unha sociedade sórdida e oprimida. **Levada ó cine en 2014** por Ignacio Vilar*



Autor : *Xosé Neira Vilas*
Título : *Memorias dun neno labrego*

A través das anotacións que Balbino, un rapaz labrego, fai no seu caderno, o autor fálanos da vida na Galicia rural nos anos corenta. A primeira obra da literatura galega dirixida ao público infantil e xuvenil, converteuse nun bestseller de calidade non exento de crítica social.

Autor : *Manuel María*
Título : *Muiñeiro de brétemas*

Un poemario escrito por un Manuel María moi novo á beira do Miño, na Campo de Santa Isabel (Outeiro de Rei), no que se deixa sentir a pegada de Rosalía, Manuel Antonio e Amado Carballo. O primeiro libro publicado en galego e en Galiza despois da guerra civil .

Autora : *Rosalía de Castro*
Título : *Follas Novas*

*Neste poemario, publicado en 1880 atópanse algún dos versos máis coñecidos de Rosalía, como **Negra sombra**. Rosalía combina versos intimistas, sobre o paso do tempo, a morte, Deus... con outros de crítica social, nos que denuncia a marxinación dos mais desprotexidos.*

Autor : *Celso Emilio Ferreiro*
Título : *Longa noite de pedra*

A través da súa poesía, Celso Emilio Ferreiro plasmou unha concepción do mundo, crítica e solidaria na que denuncia a desigualdade social, a emigración, as presións políticas, e aposta pola liberdade e a paz. Primeira edición, 1962

Autor : *Manuel Antonio*
Título : *De catro a catro*

Único libro publicado en vida polo autor (1928), considerado hoxe o poemario máis emblemático da vangarda galega. Escrito durante dúas travesías marítimas, o mar é o protagonista duns versos que rompen coas formas e estilos máis tradicionais das nosas letras.



Novela contemporánea

Suso de Toro, Manuel Rivas, Riveiro Coello, Teresa Moure... unha alineación á altura de calquera literatura contemporánea de Europa e do mundo, con plena capacidade de gañaren e fidelizaren lectoras e lectores por sí mesmos

Autor : Carlos Casares

Título : Deus sentado nun sillón azul

Unha muller observa a través dunha ventá. Na casa de enfronte, un home lé e fuma sentado nun sillón azul: un ser avellentado que semella agardar algo escuro e terrible... Unha ficción que invita a reflexionar sobre o papel dos intelectuais, publicada en 1996

Autor: Suso de Toro

Título : Tic tac

Tic-Tac é un grande crebacabezas formado polas narracións orais e escritas da personaxe central, Nano, e algún outros textos. Unha obra perturbadora, que nos fai rir aínda que o que conta é tremendamente triste, e que supuxo “un terremoto nas axitadas augas literarias galegas”

Autor : Manuel Rivas

Título : O último día de Terranova

A última novela de Manuel Rivas, un dos máis recoñecidos autores da literatura galega actual, fala dunha librería na que conflúen historias de amores, libros prohibidos, náufragos da vida e a memoria oculta da nosa historia recente.

Autor : Antón Riveiro Coelho

Título : As rulas de Bakunin

Recuperar a memoria dos heroes silenciosos que loitaron pola liberdade: velaquí a vida de Camilio Sabio Doldán, un vello anarquista case centenario que viviu a guerra, o cárcere e o exilio. Unha novela que penetra na sensibilidade dos perdedores.



Autor : *Begoña Caamaño*
Título : *Circe ou o pracer do azul*

Dúas mulleres, Circe e Penélope, aparentemente enfrontadas polo amor do heroe Ulises, comezan unha relación epistolar que acaba unindo os seus destinos. Unha adaptación do mito clásico á actualidade, que conduce a una reflexión sobre o papel da muller na sociedade.

Título : *A praia dos afogados*
Autor : *Domingo Villar*

Novela negra de corte clásico protagonizada polo entrañable inspector Leo Caldas, e o seu peculiar axudante Rafael Estévez. Nesta segunda entrega, Villar nos leva á Galicia mariñeira das Rías Baixas para tratar de esclarecer un crime que ninguén parece querer desvelar.

Título : *Made in Galiza*
Autor : *Sechu Sende*

Sechu Sende recorre ó humor e á ironía para abordar o conflito lingüístico que existe en Galicia. Un libro contradictorio, emocionante, creativo, rebelde, un libro Made in Galiza, polo que a Asociación Galega de Editores concedeu o Premio Ánxel Casal 2007.

Autora : *Teresa Moure*
Título : *Herba moura*

Século XVII. A raíña Christina de Suecia e unha meiga residente en Amsterdam, protagonizan esta deslumbrante novela que acadou o Premio Xerais 2005. A través dunha miscelánea de textos e estilos a autora deita unha ollada crítica sobre o devir da muller na historia.

Título : *Unha noite con Carla*
Autor : *Aníbal Malvar*

Unha novela sobre a corrupción política no fraguismo narrada cun estilo duro e directo, por momentos desapainoxado e cruel, na que un periodista trata de esclarecer o aparente suicidio no cárcere dun político de segunda fila. Premio Xerais de Novela 2005



Voces poéticas

O peso da poesía na literatura galega é unha constante dende a figura fundacional da nosa literatura moderna, Rosalía de Castro. Na nosa escolma optamos pola diversidade, a partir do aprezo pola singularidade das diferentes voces poéticas.

Autor : Manuel María

Título : Remol

*Un poemario que, sen perder a unidade, ofrece unha chea infinda de posibilidades temáticas e estéticas: a denuncia implacable de **Acuso á clase media**, o canto á nosa paisaxe, a súa xente, a súa fala... e por riba de todo a fidelidade a Galiza.*

Autor : Pilar Pallarés

Título : Livro das devoracións

Poeta, ensaísta e profesora de Lingua e Literatura Galega, Pilar Pallarés é un dos máximos referentes da poesía galega contemporánea. O libro das devoracións acadou o Premio Premio da Crítica Española de poesía en lingua galega en 1996

Autor : Lois Pereiro

Título : Poesía última de amor e enfermidade

Os versos de "Poesía última de amor e enfermidade" son o mellor testemuño da visión deste poeta que tan ben soubo unir o individualismo co compromiso, a modernidade coa sensibilidade rosaliana, o apego á súa terra e lingua coa procura de voces irmás de máis aló.

Título : Raíz da fenda

Autor : Berta Dávila

Raíz da fenda é un libro sobre as feridas que nos atravesan e cambian para sempre. Cada unha das súas cinco partes analiza un tipo de perda diferente dende unha perspectiva íntima e crúa: a ruptura coa familia, a morte dos achegados, a enfermidade, a traizón, o desamor.



Autor : *Gonzalo Hermo*

Título : *Celebración*

Cunha linguaxe arriscada e innovadora, Gonzalo Hermo fálanos da memoria e o esquecemento, da necesidade de construír sobre as ruínas, de romper o círculo e avanzar a pesar de todo. Premio Nacional de Poesía Joven 2015

Título : *Outlet : versos en stok*

Autor : *Juan Carballo*

Pequenas escenas espidas de efectos especiais, que reproducen situación da vida cotiá cunha linguaxe urbana e realista. Juan Carballo abandona a escrita romántica e melancólica das súas últimas publicacións, explorando ritmos persoais que enfrontan un mundo real e íntimo.

Autor : *Yolanda Castaño*[recompilación]; *Andrea Costas* [fotografía]

Título : *Cociñando ao pe da letra*

Unha orixinal proposta, a medio camiño entre a literatura e a cociña, coordinada pola poeta Yolanda Castaño e con fotografías de Andrea Costas. Un libro que demostra que todo pode ser cociñado. Un texto para saborear as palabras ben escritas.

Autor : *Marica Campo*

Título : *Sextinario trinta e seis + tres*

Sextinario: trinta e seis + tres é un libro no que se debuxan trinta e seis máis tres sextinas, un modelo de composición poética pouco usual, co que a autora volve ás formas antigas, nun intento de “evitar que se perda ese legado que non hai que desbotar”

Autor : *Méndez Ferrín*

Título : *Estirpe*

En Estirpe, Méndez Ferrín percorre os espazos polos que discorreu a súa vida: Vilanova dos Infantes, espazo máxico; Ourense, lugar de certezas, sotanas e camisas azuis; Santiago de Compostela cidade enigmática, chea de segredos; E Vigo, proletaria e fronteiriza.



O teatro que se lé

A actividade teatral e unha das ponlas mais vizosas da nosa cultura. Autores coma Manuel Lourenzo, Rafael Dieste, Vidal Bolaño, Álvaro Cunqueiro ou o mesmo Manuel María son boa mostra delo

Título : [A fiestra baldeira](#)

Autor : [Rafael Dieste](#)

A fiestra valdeira é unha comedia de ambiente mariñeiro sobria, equilibrada, e rebosante de misterio. Con ela Dieste ingresou no Seminario de Estudos Galegos o 21 de xaneiro de 1927. Dende este momento, a obra será moi loubada pola crítica e moi aceptada polo público.

Título : [As actas escuras](#)

Autor : [Roberto Vidal Bolaño](#)

As excavacións realizadas na catedral de Santiago no século XIX son o punto de partida para as As actas escuras, unha obra que fala da ocultación da verdade, a manipulación, e o sentido ético e a punibilidade destas condutas. A peza remata nunha sorprendente aposta pola defensa da razón, da verdade e da beleza mundana e vital.

Título : [Veladas indecentes](#)

Autor : [Manuel Lourenzo](#)

En Veladas indecentes, I Premio de Literatura Dramática 1997, ofrécense tres pezas do autor: A velada de Londres, Cando chega decembro, e A velada espectral de Mister Peabody. Unha Triloxía que destila insumisión e irreverencia ante os convencionalismos do teatro comercial.

Autor : [Manuel María](#)

Título : [Unha vez foi o trebón](#)

Galicia, O pobo quéixase porque non pode pagar os impostos que cobran os nobres e a xustiza tampouco os defende. Os irmandiños rebélanse, dirixidos por Diego de Lemos e Alfonso de Lanzós, mais, finalmente, sofren a derrota.



Ensaio

Pensar o mundo desde nós, desde aquí. Iso levan facendo desde hai décadas moitos dos autores e autoras que foron desenvolvendo o xénero ensaístico no noso país. Iso é o que podes atopar nas propostas que aquí te presentamos.

Título : [A alternativa está aquí](#)

Autor : [María Reimóndez](#)

Traductora, intérprete, combativa... María Reimóndez traballa diferentes xéneros e para diferentes edades. Neste ensaio defende o activismo para para cambiar o mundo. Un activismo que parte de dúas liñas de actuación que se encontran: o feminismo e a súa condición crítica.

Autor : [Castelao](#)

Título : [Sempre en Galiza](#)

No ano 1944 publicábase en Bos Aires a primeira edición de Sempre en Galiza. O libro que mellor condensa a historia e as esperanzas de toda unha nación é unha colección de ensaios sobre a historia, a cultura, e os problemas e identidade de Galiza

Autor : [Rosa Aneiros](#)

Título : [Ao pé do abismo](#)

Literatura, xornalismo, realidade e ficción mestúranse neste recopilatorio de artigos de Rosa Aneiros. Artigos nos que toca temas de actualidade como a anorexia, o conflito palestino, os ataques contra un mundo rural galego, ou a Revolución dos Caraveis en Portugal .

Autor : [Xavier Queipo](#)

Título : [Felices e diferentes](#)

Recompilación das colaboracións de Xavier Queipo no programa Diario Cultural da Radio Galega ao longo dun ano. Unha ollada crítica sobre a cultura galega e universal, sobre libros e películas, sobre atentados ao patrimonio e anomalías de (des)gobierno.



Novela xuvenil

Unha literatura felizmente canonizada que conta xa con auténticos clásicos que conviven coas voces que se foron incorporando ao longo dos anos

Autor : Manuel Núñez Singala

Título : Camiños na auga

“Son un negro / a miña pel é branca / e iso gústame / é a diferenza o que é bonito. / Son un branco / o meu sangue é negro / e iso encántame / é a diferenza o que é bonito” A letra desta canción define ó personaxe central da novela, mozo albino nacido en África en búsqueda da súa propia identidade.

Autor : Fernando Cimadevila

Título : O mundo secreto de Basilius Hoffman

*O profesor Basilius Hoffman e o seu sobriño Peter, deben unir as súas forzas coas dos membros da Irmandade de Avalon para defender a Illa da Sabedoría dun mal antigo que ameaza o mundo feérico e o dos humanos. Pentaloxía fantástica da que ata agora se publicaron *O ladrón de sueños*, *Un faro na escuridade* , e *A batalla por Avalon**

Autor : Paco Martín

Título : Cousas de Ramón Lamote

*Ramón Lamote é unha das creacións máis singulares da literatura infantil e xuvenil galega. O libro, no que este personaxe que recolle retallos da súa vida, foi mencionado na Lista de Honra do IBBY e acadou o Premio Nacional de Literatura en 1986. En 2008 Paco Martín ofreceunos una segunda entrega, *As novas cousas de Ramón Lamote*.*

Título : Masculino singular

Autor : Carlos Negro

*Carlos Negro denuncia os estereotipos de xénero desde a poesía. Si en *Penúltimas tendencias*, escribía dende a voz poética dunha adolescente que resiste ós prexuízos sexuais, agora fala da necesidade de (re)coñecer a masculinidade a carón da feminidade e non enfronte desta.*



Autor : *Marilar Aleixandre*
Título : *A Cabeza de medusa*

Unha festa de disfraces acaba de madrugada nun camiño afastado onde Sofía e Lupe son violadas. Dende a noite da agresión comezará para as dúas mozas a busca da xustiza. Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil 2008, Premio Withe Ravens 2009, Premio Frei Martín Sarmiento 2010 (3º ESO a Bacharelato)

Autor : *Antonio García Teijeiro ; Antonio Reigosa ; ilustracións, Xosé Cobas*
Título : *Lendo lendas, digo versos*

Reigosa recolle vinte lendas tradicionais, de diferente temática e procedencia xeográfica. García Teijeiro traslada ao verso esas vinte lendas. E Xosé Cobas aporta a súa particular visión a través da ilustración. Un volume orixinal que pon en valor a nosa literatura popular.

Título : *Aire negro*
Autor : *Agustín Fernández Paz*

O doutor Moldes axuda a Laura a recuperar a súa memoria. O que non sabe é que deste xeito está abrindo a porta a unha realidade terrible que os marcará para sempre. Fantasía, terror, intriga, amor, suspense... combínanse neste libro tan premiado

Autor : *An Alfaya*
Título : *A sombra descalza*

Elsa, unha moza de dezaseis anos, vive nun ambiente poboado de segredos familiares procedentes dun pasado escuro que non está disposta a seguir escondendo. Cando remexe nos silencios, sairán á luz os miserias que a Guerra Civil levou a súa familia.

Título : *Galván en Saor*
Autor : *Darío Xoán Cabana*

Unha novela de fantasía, aventuras, humor e amor que se desenvole en dous escenarios: a Galicia actual e Idade Media. Unha novela que entronca directamente coa literatura galega de tema artúrico, e unha homenaxe ós seus máximos representantes, Cunqueiro e Ferrín.



As nosas recomendacións

Por sorte, cada vez contamos con mais autores e mais que enriquecen a nosa literatura e que, pouco a pouco van conseguindo mais lectores. Destacamos estas recentes aportacións:

Autor: [Anxos Sumai](#)

Título : [A lúa da colleita](#)

A lúa da colleita, Premio García Barros 2013, é una novela de identidade. Un libro que nos fala dunha muller que quere comprenderse a sí mesma, saber por que sente como sente, por que se relaciona dun determinado xeito coa realidade...

Autor : [Alex Alonso](#)

Título : [Tempos de bebidas isotónicas e fast-food](#)

Trinta relatos breves que nos fan reflexionar sobre as contradicións e o devalo da sociedade galega actual. A utilización da primeira persoa, os rexistros lingüístico coloquial pragado de “viguismos”, o humor retranqueiro... tiran dunha lectura engaloiante e divertida que non por iso renuncia á denuncia social

Autor : [Andrea Maceirras](#)

Título : [Europa express](#)

Un fatídico acontecemento marca a viaxe que varios compañeiros de Bacharelato fixeron ó rematar os seus estudos. Dez anos máis tarde, este suceso revolve novamente as súas vidas. Unha novela coral de intriga psicolóxica, que afonda na esencia da mocidade, efémera no tempo e perdurable na memoria.

Autor : [Héctor Cajaraville](#)

Título : [De remate](#)

A través dos seus escritos (columnas de opinión, correos electrónicos, poemas, comentarios en blogs...) o xornalista [Bieiro Sanmarful](#), preséntanos a súa peculiar e nada dogmática visión do mundo. E descúbrenos ó mesmo tempo unha personanilade autoesixente e máis fráxil do que podería semellar. Premio Xerais de Novela 2015.



Autor : *Arantza Portabales*

Título : *Sobrevivindo*

Historia de intriga áxil e desenvolta, que se move entre diversos planos temporais, e que tece unha engaiolante trama arredor dunha non menos fascinante protagonista, a vencedora dun programa de telerrealidade. Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia 2015

Autor : *Antón Riveiro Coello*

Título : *Os elefantes de Sokúrov*

Janis, unha mileurista que se gaña a vida como pode mentras prepara oposicións, é a protagonista desta novela na que se cruzan temas tan diversos como o amor, o suicidio, a crise, a creación artística, a memoria... tratados coa maestría habitual no autor.

Autor : *Pedro Feijóo*

Título : *Morena, perigosa e románica*

Despois de dúas novelas de intriga e misterio, Os fillos do mar e A memoria da choiva, Feijóo ofrécenos esta novela de humor protagonizada por uns personaxes estrafalarios que deciden tomar a xustiza pola súa man... e roubar a Virxe do Montserrat

Autor : *Diego Ameixeiras*

Título : *A noite enriba*

Un escritor emprende a biografía dun dos grandes autores do xénero negro de EEUU. A novela, ateigada de homenaxes literarias, transita por un orixinal itinerario narrativo que leva das rúas de Ourense a Filadelfia e invita á reflexión sobre a propia actividade do escritor.

Autor : *Leticia Costas*

Título : *Un animal chamado néboa*

O cerco de Leningrado, o naufraxio do buque USS Indianapolis, as mulleres prostituídas en Mauthausen... son algún dos desapiadados acontecementos que se recollen neste libro de relatos, que é á súa vez un retrato desolador e emocional do comportamento das persoas en circunstancias extremas. Un pulso crítico á condición humana



Bibliotecas Municipais A Coruña



<http://www.coruna.es/bibliotecas>

<p><i>Servicio Municipal de Bibliotecas de A Coruña</i> Rúa Durán Lorga, 10-1ª, 15030, A Coruña Telf. 981184384 / Fax 981184385 smb@coruna.es</p>	
<p><i>Biblioteca Municipal Ágora</i> Lugar da Gramela, 17, 15010, A Coruña Telf. 981189886 bagora@coruna.es</p>	<p><i>Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil</i> Rúa Durán Loriga, 10, 15030, A Coruña Telf. 981184388 / Fax 981184385 binfantil@coruna.es</p>
<p><i>Biblioteca Municipal Castrillón</i> Praza de Pablo Iglesias, s/n 1500, A Coruña Telf. 981184390 bcastrillon@coruna.es</p>	<p><i>Biblioteca Municipal Monte Alto</i> Vereda Polvorín, 3, 15002, A Coruña Telf. : 981184382 bmontealto@coruna.es</p>
<p><i>Biblioteca Municipal de Estudos Locais</i> Rúa Durán Loriga, 10-1ª, 15060, A Coruña Telf. 981184386 / Fax 981184385 bestudiosl@coruna.es</p>	<p><i>Biblioteca Os Rosales</i> Praza Elíptica, 1-1ª, 15011, A Coruña Telf. 981184382 borsales@coruna.es</p>
<p><i>Biblioteca Municipal Forum Metropolitano</i> Rúa Río Monelos 1, 15006, A Coruña Telf. 981184298 / Fax 981184295 bforum@coruna.es</p>	<p><i>Biblioteca Municipal Sagrada Familia</i> Rúa Antonio Pedreira, 1, 15007, A coruña Telf. 981184392 / Fax, 981184393 bsagrada@coruna.es</p>

Síguenos en Facebook e Twitter!

